

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día dezaoto de decembro de dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

15/917 PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRÍAS, QUENTES E PRODUTOS NON PERECEDOIROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NUMERO 26/872.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 4 de decembro de 2013 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I.- Prego de condicións técnicas que rexerán o concurso convocado para a instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías e quentes nos edificios e instalacións do Concello de Lugo elaborado polo arquitecto técnico municipal don José María Seijas Fernández en data 30 de setembro de 2013.

II.- Informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do 5 de novembro de 2013 sobre o procedemento de licitación para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais

III.- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 8 de novembro de 2013

IV.- Informe de Intervención do 20 de novembro de 2013

V.- Acordo da Xunta de Goberno Local numero 26/872, do 27 de novembro de 2013, de aprobación do procedemento de licitación de referencia

VI.- Novo prego de condicións técnico-administrativas que rexerán o procedemento elaborado por don José María Seijas Fernandez en data 3 de decembro de 2013

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo desexa autorizar a utilización ou aproveitamento especial de varios espazos en edificios e instalacións municipais coas instalacións de máquinas de bebidas frías e quentes e produtos comestibles. Ó tratarse dun uso común especial do dominio público pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL), estará suxeito a licenza. O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, agás se por calquera circunstancia se limitase o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo.

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 1/19 |



xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 13x620150917

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-12-2013

No suposto de referencia, o número de máquinas a instalar está limitado a 21 nos lugares delimitados no prego de condicións técnicas razón pola que se propón a aprobación dunhas bases que rexerán no procedemento de licitación que se levará a cabo.

Segunda.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de novembro de 2013 foi aprobado o procedemento de licitación para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais conforme a proposta elaborada polo Servizo Municipal de Contratación de data 5 de novembro que transcribiu a prego técnico elaborado por don José María Seijas Fernández que, entre outros, indicada o número de máquinas e puntos de instalación facendo un total de 21.

Con posterioridade á adopción do dito acordo, e detectadas outras máquinas que non aparecían na listaxe do prego técnico de data 30 de setembro, se elabora novo prego técnico no que se inclúen 3 máquinas máis concretamente no MIHL e na Casa das Linguas en Estrada da Granxa e que supón así mesmo no particular do prezo do contrato.


En consecuencia procede modificar o acordo da Xunta de Goberno Local numero 26/872, do 27 de novembro de 2013, no sentido indicado.

Terceira.- En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127.1.e) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano o acordo núm. 2/444, do 23 de xuño de 2011, da Xunta de Goberno Local establece como unha atribución reservada á Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas ou permisos para o uso común especial normal dos bens de dominio público.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

2

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 2/19 |
|  | | | |
| xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | | | |

PRIMEIRO.- Modificar o acordo da Xunta de goberno Local número 26/872, do 27 de setembro de 2013, polo que se aprobou o prego de condicións técnicas así como o prego de cláusulas administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedeiros nos edificios e instalacións municipais, quedando os novos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas co seguinte teor literal:

PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN O CONCURSO CONVOCADO PARA A INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRIAS E QUENTES NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente prego ten por obxecto fixar as condicións xerais que han de rexir na instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías e quentes, nos edificios e instalacións do EXCMO CONCELLO DE LUGO, mediante as correspondentes autorizacións de ocupación temporal do dominio público.

SEGUNDA.- NÚMERO E UBICACIÓN DAS MÁQUINAS

| EDIFICIO | UBICACIÓN | DESCRIPCIÓN | Nº MÁQUINAS |
|--------------------|--------------------------------------|---------------------|-------------|
| Ed. Administrativo | Ronda da Muralla, 197 > Planta Baixa | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| Policía Local | Avda. das Artes, 33-35 | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| Casa Xuventude | Rúa Xesús Bal Gay, 10 | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| C-S Maruja Mallo | Rúa das Hortas, 31 > 1º andar | 1 combi-III | 1 |
| C-S María Balteira | Avda. Angelo Colocci, 19 A | 1 combi-III | 1 |
| CEI-NODUS | Avda. Coruña, 500 (Garabolos) | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| P. Bombeiros | Avda. Coruña, 500 (Garabolos) | 1 combi-II | 1 |
| MILH | Recinto municipal FRIGSA | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| C.F. Luis Gorgoso | Recinto municipal de FRIGSA | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| Pista Tennis-Mesa | Recinto municipal de FRIGSA | 1 bebidas | 1 |
| Casa do Deporte | Recinto municipal FRIGSA | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| Polid. O Pombal | Avda. dos Deportes | 1 café + 1 combi-II | 2 |
| Pistas atletismo | Gregorio Pérez Ribera (As Pedreiras) | 1 combi-II | 1 |
| Polid. Piringalla | Rúa Galego Tato | 1 café + 1 combi-II | 2 |



| | | | |
|-----------------------------|-----------------------|-------------|-----------|
| Casa das Linguas | Estrada da Granxa, 29 | 1 combi-III | 1 |
| TOTAL MÁQUINAS | | | 24 |

NOTAS:

- Combi-II > Snacks + Bebidas
- Combi-III > Snacks + Bebidas + Café (bebidas quentes)

TERCEIRA.- TIPOS E CARACTERISTICAS DAS MAQUINAS A INSTALAR

Os tipos de maquinas a instalar clasificaranse en:

- maquina de bebidas frias
- maquina de bebidas quentes
- maquina de snacks e multiproductos

As maquinas estarán dotadas dun sistema electrónico que facilite o seo correcto funcionamento e a boa calidade do servicio.

A auga e enerxía eléctrica (iluminación e forza) será por conta da Administración, non así a súa conexión que será a conta do concesionario, nos puntos que lle indique a propiedade.

Tódalas maquinas deberán ser novas, ter clasificación enerxética A+, ou superior e os seus gases refrixerantes homologados e conforme normativa. Para elo deberán xuntar a documentación técnica correspondente a cada unha das maquinas propostas, onde se reflecta:

- o tipo, modelo e a data de fabricación, que non poderá ser anterior o 1 de xaneiro de 2012, o menos no 90 % das maquinas e o 10 % restante non superior os 2 anos.

- a categoría enerxética
- o tipo de refrixerante usado

Queda expresamente prohibida a expedición de todo tipo de bebidas alcohólicas, incluído viños e cervezas. No caso das cervezas si se permitirá a distribución de produtos "sin alcohol"

1.- Maquina de bebidas frias:


A maquina de bebidas frias estará dotada dun sistema de refrixeración hermético, con termostato graduable, que permita regular a temperatura dos produtos. Dispondrá de menos 6 canais de distribución independentes entre si, utilizables para botes de 33 cl e botellas de 50 cl. As columnas de distribución serán graduables para os distintos tipos de botes ou botellas.

2.- Maquina de bebidas quentes:

A maquina de bebidas quentes estará provista dun sistema de autonomía propio e no posible estará conectada a rede de auga. Disporá o menos das seguintes seleccións:

- **café** (con e sin sucre), nas variedades: corto, largo, cortado, con leite e descafeinado
- **infusións:** té, ou té con limón, ou manzanilla ...

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 4/19 |
|  xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | | | |

- leite
- chocolate
- ademais deberán dispoñer da opción café e chocolate procedente de Comercio Xusto. (Estes produtos deberán cumprir os parámetros da Resolución do Parlamento Europeo sobre Comercio Xusto e Desenvolvemento)

3.- Maquina de snacks e multiproductos:

Deberá ter instalado un sistema de refrixeración, con termostato independente para snacks e/ou bebidas, e ir equipada con fotocélula para verificar a correcta administración do produto.

Dispensará os seguinte produtos: zumos, frutos secos, galletas, chokolatinas, patacas fritidas, etc

CUARTA.- CARACTERISTICAS DOS ARTICOS

Con carácter xeral, os produtos a expedir serán de marcas acreditadas, presentados en envases unitarios con precintos orixinais do fabricante, con todas as especificacións en canto a calidade, composición e data de caducidade. A tal efecto o autorizado levará a cabo un control exhaustivo das datas de caducidade e calidade dos produtos, garantindo que todos se encontren en condicións de seguridade, salubridade e hixiene.

QUINTA.- INSTALACIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN

A empresa adxudicataria ubicará a máquina, nun prazo máximo de 1 mes, a partir da formalización do contrato, no lugar designado polo Concello de Lugo, e calquer modificación deberá ser previamente autorizada, podendo variar o incrementar algún punto de instalación mediante acordo previo entre as partes, nas mesmas condicións pre-establecidas.

A empresa adxudicataria realizará a explotación das maquinas o seo risco e ventura. Conservará sempre a propiedade das mesmas, correndo pola súa conta as operacións de instalación, posta en marcha, reparacións, reclamacións, recaudación e renovación dos produtos a expedir, en horarios que non interrompan o normal funcionamento dos distintos edificios e instalacións.


A explotación do servizo realizarase baixo a tutela da Concellería de Servizos Xerais, quen en calquer momento podera realizar a inspección das instalacións e supervisar o funcionamento do servizo.

As máquinas deberán manterse en todo momento en perfecto estado de limpeza, conservación e funcionamento, que no caso de avería deberá repararse, o se é o caso, repoñer a maquina nun prazo máximo de 48 horas, sendo motivo da resolución do contrato o incumprimento desta condición.

A empresa adxudicataria estará obrigada a instalar o lao de cada máquina ou conxunto de maquinas un recipiente de plástico con tapa e bolsa de lixo, para que os usuarios depositen os botes, vasos, cucharillas, etc, autorizado polo Concello.

En cada máquina debe figurar claramente un cartel ou pegatina onde figuren os seguintes datos:

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 5/19 |
|  xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | | | |

- Homologación administrativa da maquina usada
 - O nome da empresa responsable, número de teléfono e domicilio, para comunicación de avarias e reclamacións
 - Descrición condicións funcionamento, produtos e prezos
- As maquinas levarán incorporado un sistema de devolución do diñeiro para os supostos de inexistencia de mercancia, así como dispoñer en todo momento do cambio de moedas necesario para o seu correcto funcionamento.

SEXTA: RÉXIMEN ECONÓMICO

1.- Prezos xerais

Os prezos establecidos neste prego, que de seguido se detallan, terán o carácter de máximos, non sendo revisibles durante o primeiro ano de vixencia do contrato.

| PRODUCTO | PREZO (IVE incluído) |
|--|--|
| Bebidas quentes | 0,65 € / unidade |
| Bebidas comercio xusto | Sobrepreso máximo de 0,10 € sobre bebida normal |
| Bebidas frias 33 cl | 1,00 € / unidade |
| Bebidas frias 50 cl | 1,20 € / unidade |
| Bebidas isotónicas e zumos | 0,90 € / unidade |
| Auga | 0,65 € / unidade |
| Productos sólidos e bebidas enerxética | Hasta 1,80 € / unidade |
| Productos sólidos (platos preparados) | Hasta 2,50 € / unidade |

3.- Tarifas e revisión prezos


A relación dos produtos ofertados e os prezos aportados polo licitador, deberá estar exposta con carácter permanente nun lugar visible e facilmente consultable polo consumidor, non podendo exceder no 1º ano os prezos máximos fixados polo presente Prego.

A modificación dos prezos deberá ser aprobada, previa solicitude por escrito, pola Concellería de Facenda Local, sempre e cando teña transcurrido 1 ano dende a formalización do contrato.

SEPTIMA.- CANON DE EXPLOTACIÓN

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 6/19 |


xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==

Establecese un **canon mínimo de explotación de 150 euros anuais por máquina instalada**, que según o previsto nos da: un total mínimo de:

| |
|---|
| 24 maquinas x 150 €/ano = 3.600,00 €/ano |
|---|

O canon anual para a totalidade das máquinas sinaladas será ofertado polas empresas licitadoras, que indicarán a parte das características técnicas e antigüidade o canon individualizado (**prezo máquina ano**), de cada unha de elas, cuia cuantía nunca será inferior o mínimo proposto no presente Prego.

O canon a satisfacer ó Concello será aboado pola empresa adxudicataria, dentro dos QUINCE PRIMEIROS DIAS hábiles dende o comezo da anualidade correspondente, nas entidades colaboradoras da recadación municipal, previa expedición da carta de pagamento correspondente polos servizos económicos do Concello.

O canon ofertado revisarase anualmente conforme a variación do IPC da anualidade anterior.

A falta do pagamento do canon anual ofertado, interpretase como incumprimento de contrato e será causa de resolución da autorización.

OITAVA.- PRAZO DE DURACIÓN

O prazo da concesión será de **DOUS (2) ANOS** a partir da data da Acta de Inicio da Explotación. Finalizado este período poderase prorrogar mediante acordo mutuo das partes por períodos anuais ata un máximo de **DOUS (2) ANOS** máis. A tal efecto deberase solicitar por parte da adxudicataria a correspondente prórroga antes do remate da autorización.

A Acta de Inicio da Explotación asinarase unha vez rematada a instalación das máquinas e demais elementos que fosen necesarios, e non poderá ser nun prazo superior a un mes contado dende a notificación da resolución favorable á autorización.

NOVENA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O criterio que servirá de base para a adxudicación será o prezo e maila entrega de recipientes reutilizables.

1.- Prezo: ata 9 puntos. Os licitadores deberán aboar como mínimo un canon anual de 150 euros por máquina, polo que as ofertas poden ser a alza, pero nunca a baixa.

Obterá a máxima puntuación a empresa licitadora que oferte o maior prezo pola totalidade das máquinas a instalar. Obterán 0 puntos as que oferten o tipo de licitación (3.150,00 €) e o resto de modo proporcional.

2.- Valoración da entrega de recipientes reutilizables: ata 1 punto.

Obterán 1 punto aquelas empresas que presenten declaración responsable de ofrecer a todo o persoal municipal que traballe en dependencias onde se instalen máquinas, un recipiente reutilizable, e 0 puntos as que non presenten dita declaración.

A comprobación deste apartado será realizada polo responsable municipal deste servizo, con carácter previo ao outorgamento da autorización da instalación.

Código Seguro de verificación:xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | PÁGINA 7/19 |



xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==

DECIMA: OBRIGAS E RESPONSABILIDADES

A responsabilidade patronal e empresarial dos traballadores que presten servizos en edificios e instalacións municipais, será en todos os ordes xurídico-legais da empresa que resulte adxudicataria. Por elo, a relación dos mesmos co Concello, salvo en cuestións de funcionalidade do servizo, serán intermediadas sempre pola empresa adxudicataria que os teña contratados e sin que en ningún caso poida deducirse para o Concello obriga algunha de tipo laboral, civil ou administrativa, fronte os mesmos.

O persoal que desempeñe funcións para o desenvolvemento do servizo obxecto do presente prego, deberá estar en posesión do certificado acreditativo da formación en manipulación de alimentos, de conformidade coa lexislación vixente para o caso.

A empresa será responsable da calidade dos produtos expedidos polas máquinas, así como das consecuencias que se deduzcan para a Administración ou para terceiros polas omisións ou métodos inadecuados.

Será responsabilidade da empresa a limpeza e hixiene das máquinas, o seo entorno e os accesorios correspondentes. O incumprimento desta obriga dará lugar a resolución da autorización.

A empresa adxudicataria deberá presentar antes da sinatura da acta de inicio:

-Copia da póliza de Responsabilidade Civil xeral para obxecto do contrato con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, así como a responsabilidade civil das máquinas fronte ós edificios e instalacións onde serán instaladas, con un límite mínimo de 600.000 € por sinistro e un sublímite por vítima non inferior a 150.000 €.

-Copia dos recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.


-Ademais dos seguros obrigatorios por lei, pola prestación da actividade obxecto do contrato.

Obrigándose a telas en vigor durante toda a vixencia da autorización, incluídas as renovacións anuais, debendo comunicar calquera incidencia que se produza nas pólizas.

DÉCIMOPRIMEIRA.- Será causa de resolución da autorización:

- A terminación do prazo da autorización
- A renuncia do titular
- A venda de produtos caducados ou non autorizados.
- A falta de ingreso do canon ofertado deixando transcorrer máis de tres meses sen realizar o ingreso
- O incumprimento das condicións técnicas esixidas ás máquinas e ofertadas así como por incumprimento das obrigas de limpeza, mantemento e conservación esixibles
- A falta de reposición das máquinas ou dos produtos (alimentos e bebidas)
- O incumprimento dos requisitos dos produtos esixidos nestas bases

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 8/19 |
|  xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | | | |

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE LUGO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRIAS, QUENTES E PRODUCTOS NON PERECEDEROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste prego o establecemento das cláusulas administrativas que rexerán o procedemento convocado polo Concello de Lugo para a autorización da ocupación do dominio público municipal (espazos non necesarios para a prestación de servizos públicos en edificios e instalacións municipais) mediante a instalación e explotación de máquinas expendedoras de bebida frías, quentes e produtos sólidos (alimentos non perecedeiros) , todo elo de conformidade co prego técnico elaborado polo arquitecto técnico municipal.

Non existen lotes debendo as empresas interesadas presentar solicitude e oferta para a totalidade das máquinas indicadas no prego de condicións técnicas.

Con esta autorización do dominio público increméntase a calidade dos servizos públicos municipais posibilitando á cidadanía e aos traballadores municipais acceder a estes produtos nas xestións administrativas que deban realizar nas instalacións e edificios municipais promovendo asimesmo unha xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos en termos de rendabilidade e economía.


SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.

Trátase dunha ocupación demanial para a explotación de máquinas expendedoras, é dicir, bens mobles non fixos, que ocupan espazos que polas súas reducidas dimensión non son necesarios para o desenvolvemento de servizos municipais e que supón unha utilización especial do dominio público suxeito a previa autorización.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCA).
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 9/19 |
|  xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | | | |

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. O prazo de duración da autorización será de DOUS ANOS dende a data da acta de inicio da explotación que se asinará unha vez rematada a instalación das máquinas para o cal dispoñerá dun prazo máximo de un mes dende a notificación da resolución favorable á autorización.

O prazo de duración da autorización poderá ser prorrogado por períodos máximos anuais ata un máximo de dous anos mais. A tal efecto deberás solicitarse por parte do adxudicatario a correspondente prórroga antes do remate da autorización.

Ó finalizar a vixencia da autorización por calquera motivo o autorizado deberá deixar libre e a disposición do Concello os espazos ocupados no prazo máximo de trinta días dende a finalización sen necesidade de previo requirimento.

Este prazo se estipula sen perxuízo do Concello de Lugo de revocar unilateralmente a autorización en calquera momento por razóns de interese público, sen dereito a indemnización cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a utilización para actividades de maior interese público ou menoscabem o uso xeral de conformidade co artigo 92 da Lei 33/2003 de 3 de novembro.

Todo eso sen perxuízo das causas de resolución establecidos na cláusula décimoprimeira do prego técnico.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

A instalación e explotación das máquinas non suporá coste algún para o Concello de Lugo agás os de electricidade e consumos de auga necesarios para as máquinas que se conxestionen á rede de auga dos edificios e instalacións.

O presuposto base de licitación (**canon anual**) calculase sobre o canon anual mínimo por máquina que ascende a 150 euros anuais. En consecuencia e tendo en conta o número de máquinas (24 anuais) o **canon anual mínimo é de 3.600 euros/ano**. Sobre este canon mínimo anual para a totalidade das máquinas as empresas realizarán as súas ofertas á alza.

A empresa autorizada percibirá integramente as cantidades aboadas polos usuarios que consuman os produtos. Os prezos de venda ó público non poderán superar os establecidos no prego de condicións técnicas.


Tanto o canon anual ofertado como os prezos dos produtos serán obxecto de revisión transcorrido un ano de autorización aplicándose a variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC)

QUINTA. PROCEDIMENTO. CAPACIDADE DOS LICITADORES

De conformidade co artigo 96 da lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas , o outorgamento de autorizacións realizarase en réxime de concorrencia, mediante convocatoria pública que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Están facultados para tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean

Código Seguro de verificación:x2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|---|--|-------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | x2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | PÁGINA 10/19 |
|  x2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | | | |

incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional conforme a cláusula seguinte.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica deberá ser xustificada **obrigatoriamente** mediante a acreditación de experiencia na explotación deste tipo de máquinas durante polos menos os últimos tres anos para o cal xuntarase certificados ou informes da correcta execución.


SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 92 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas resulta esixible a constitución de garantía definitiva que responda do uso do dominio público e da súa reposición ou reparación ou indemnización no caso de danos.

O importe desta garantía é do 5% do importe de canon anual ofertado para os dous anos de duración da autorización e aboarase no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire a cláusula décimoterceira. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

Código Seguro de verificación:xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | PÁGINA 11/19 |
|  xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | | | |

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. PRAZO DE RESOLUCION

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es) no apartado "Outros"

O prazo de presentación de solicitudes será de **TRINTA DÍAS HÁBILES** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. O prazo máximo para resolver sobre o outorgamento da autorización será de seis meses, transcorrido o cal sen notificarse resolución algunha entenderase desestimada as solicitudes.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B, OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

O sobre denominado A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

Código Seguro de verificación:xc2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xc2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | PÁGINA 12/19 |



O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia autentica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado**:

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastateo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastateado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastateo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Código Seguro de verificación:xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | PÁGINA 13/19 |



xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 13x620150917

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-12-2013

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.


5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de

Código Seguro de verificación:xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | PÁGINA 14/19 |
|  | | | |
| xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | | | |

obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición

O sobre B, OFERTA ECONÓMICA (conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto).


Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE LUGO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRIAS , QUENTES E PRODUCTOS NON PERECEDEROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.**

b) Que solicita a autorización do dominio público para a instalación de máquinas expendedoras por un **canon anual** de euros para a totalidade das máquinas a instalar.

*** Achegarase un listado co canon individual de cada máquina.**

Código Seguro de verificación:xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | PÁGINA 15/19 |
|  xC2DhKtCh1i7EXm1IZ5j0g== | | | |

c) Ofrezoo a todo o persoal municipal que traballe nas dependencias onde se instalarán as máquinas un recipiente reutilizable (Indicar o que proceda)

- SI
- NON

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador DEBERA acompañar á súa solicitude:

1º.- Listaxe de produtos de venda ó público xunto cos prezos correspondentes que non poderán superar os indicados no prego técnico

2º.- Relación das máquinas con indicación do canon anual individualizado para cada unha delas.

3º.- De cada máquina deberán xuntar a documentación técnica na que se reflecta o cumprimento de tódolos requisitos establecidos no prego técnico (apartado terceiro)

A falta de presentación desta documentación implicará a exclusión do procedemento.

DÉCIMO PRIMEIRA. ÓRGANO DE ASISTENCIA E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

Para o outorgamento da autorización o organo competente estará asistido por un órgano de asistencia integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTA: Excma. Sra Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá.

- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación.

- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa

- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A).

Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.


DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os criterios de adxudicación para a selección do autorizado serán:

- **Canon anual ofertado: Ata 9 puntos.**

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 16/19 |


xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==

Obterá a máxima puntuación (9 puntos) o licitador que oferten o maior canon anual pola totalidade de máquinas a instalar. Obterá 0 puntos os que oferten o tipo de licitación (3.600 euros) e o resto valoraranse de xeito directamente proporcional.

- Entrega de recipientes reutilizables: Ata 1 punto

Obterán 1 punto aquelas empresas que ofrezan a todo o persoal municipal que traballe nas dependencias onde se instalen máquinas un recipiente reutilizable, e 0 puntos os que non realicen esta oferta

DÉCIMO TERCEIRA. AUTORIZACION . REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACION

Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adjudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que antes de resolver sobre a autorización e dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano competente, dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, resolverá se é o caso sobre o outorgamento definitivo da autorización que se notificará aos candidatos ou licitadores.

DÉCIMO CUARTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (arquitecto técnico municipal) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Admítense os supostos de subrogación por fusión, escisión, aportación e transmisión sempre que a entidade resultante acredite a mesma solvencia que a esixida nos pregos.


Queda prohibida expresamente a cesión o alugamento da autorización a terceiros.

3.-O autorizado está obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos que correspondan á autorización sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO QUINTA. RESPONSABILIDADE DO AUTORIZADO E OBRIGAS ESPECIAIS

O autorizado asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais

Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 17/19 |
|  xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | | | |

O persoal propio da empresa adxudataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo. Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o autorizado por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase antes da sinatura da acta de inicio da explotación:

- Copia da póliza de responsabilidade civil xeral para o obxecto do contrato con inclusión da responsabilidade civil patronal que cubra os riscos que puidesen derivarse durante a ocupación do dominio público tanto para traballadores como para usuarios, así como a responsabilidade civil das máquinas fronte ós edificios e instalacións onde serán instaladas cun límite mínimo de 600.000 euros por sinistro e un sublímite por vítima non inferior a 150.000 euros.
- Copia dos recibos ingresados en relación ás ditas pólizas

O autorizado asume a obriga de abandonar e deixar libres, a disposición do Concello, os bens obxecto da autorización unha vez rematada a súa vixencia e no prazo máximo de trinta días dende a finalización sen necesidade de previo requirimento.

DÉCIMO SEXTA. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 100 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas expresamente nas condicións técnicas e administrativas reguladoras do procedemento. Ademais extinguiráse a autorización nos supostos indicados na cláusula décimo primeira do prego de condicións técnicas.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A extinción da autorización por causa imputable ó autorizado levará implícita a perda da garantía sen perxuízo da indemnización de danos e perxuízos que se produzan.


O prazo de garantía establécese en SEIS meses dende a finalización do prazo de vixencia da autorización. Durante este prazo o autorizado deberá colaborar co Concello en tódalas cuestións e incidencias que se deriven da autorización e nas aclaracións ou reclamacións que podan presentar os usuarios. Transcorrido o dito prazo devolverase a garantía definitiva.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten


Código Seguro de verificación:xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 18/19 |


xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==

da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación: xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 26/12/2013 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | PÁGINA 19/19 |
|  xC2DhKtChli7EXmIIZ5j0g== | | | |